

XEFATURA DO ESTADO

21407 *LEI 37/2006, do 7 de decembro, relativa á inclusión no réxime xeral da Seguridade Social e á extensión da protección por desemprego a determinados cargos públicos e sindicais. («BOE» 293, do 8-12-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O artigo 205 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que determina as persoas que están protexidas ante a continxencia de desemprego, non inclúe entre elas as que desempeñan cargos públicos, electos ou por designación, e iso a pesar de que os ditos cargos públicos fosen incluídos legalmente, de forma expresa, no ámbito de aplicación do réxime xeral da Seguridade Social e non se prevé na correspondente norma a exclusión da protección de ningunha das continxencias que alcanza a acción protectora do indicado réxime da Seguridade Social.

Estámonos a referir, en concreto, dunha parte, aos cargos electos das corporacións locais que desempeñan a súa función con dedicación exclusiva ou parcial e perciben unha retribución e que foron incluídos, na forma indicada, no ámbito de aplicación do réxime xeral da Seguridade Social en virtude do disposto no número 1 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, inclusión que posteriormente foi recollida na letra j) do número 2 do artigo 97 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social; ben que non foi aínda actualizada coas modificacións posteriores da propia Lei de bases de réxime local; e, por outra parte, aos altos cargos das administracións públicas que non sexan funcionarios, que foron incluídos tamén no ámbito de aplicación do réxime xeral da Seguridade Social en virtude do establecido no número 2 da disposición adicional terceira da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, inclusión que tamén posteriormente foi recollida na letra h) do número 2 do artigo 97 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Así mesmo, tampouco se inclúen no indicado artigo do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social entre as persoas protexidas da continxencia de desemprego os cargos sindicais representativos que exercen funcións de dirección no sindicato en réxime de dedicación exclusiva ou parcial e perciben unha retribución; neste caso, ademais, non está prevista en ningunha norma legal a inclusión destas persoas no ámbito de aplicación do sistema da Seguridade Social nin para os efectos de protección por desemprego nin do resto de continxencias protexidas pola Seguridade Social.

II

A exclusión dos cargos públicos e sindicais a que se refire o número anterior da protección por desemprego obedece máis a razóns formais que materiais.

En efecto, aínda que os indicados cargos non poden ser considerados propiamente traballadores por conta

allea, é certo, non obstante, que a situación en que eles se encontran cando perden o cargo é bastante similar á que encontra un traballador por conta allea cando perde o seu traballo; en ambos os casos a consecuencia inmediata que se produce é que se perde a retribución que levaba consigo a actividade que se viña realizando e se deixa de realizar.

Por iso, as razóns que sistematicamente se esgrimiron para non lles recoñecer a protección por desemprego a estes cargos públicos e sindicais é que non estaban incluídos expresamente entre as persoas ás cales legalmente se lles recoñecía a protección por desemprego e, así mesmo, que a perda dos ditos cargos non estaba prevista entre as situacións legais de desemprego que se recollían na lei.

Nesta liña, o Tribunal Constitucional indica, na súa Sentenza 44/2004, do 23 de marzo, referida ao recoñecemento da protección por desemprego dos referidos cargos sindicais, que a inclusión ou non destes no sistema de protección por desemprego, e conseguintemente tamén no sistema da Seguridade Social, é simplemente unha opción do lexislador, pois non ve ningún inconveniente para que tal inclusión, por vía legal ou regulamentaria, facendo uso da habilitación que se recolle para tal efecto no artigo 97.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (para a inclusión no ámbito de aplicación do réxime xeral da Seguridade Social) e na disposición derradeira quinta, punto 1, do referido texto legal (para a inclusión por real decreto na protección por desemprego), se poida producir; pola contra, o Tribunal Constitucional, referíndose ao suposto dos cargos sindicais, considera que podería reputarse como desexable que se producise a inclusión dos ditos cargos no ámbito de aplicación do sistema da Seguridade Social, e conseguintemente tamén no sistema de protección por desemprego, pois con iso evitaríanse posibles prexuízos á carreira de aseguramento de quen acceda a estes cargos.

III

Consecuentemente co anterior, non parece lóxico que se siga a privar os cargos públicos e sindicais que estamos considerando da protección da continxencia por desemprego e moito menos, incluso, da cobertura xeral do sistema da Seguridade Social, xa que como se indicou existen razóns de xustiza e equidade que xustifican a equiparación destes cargos aos traballadores por conta allea.

Pois ben, para levar a cabo a dita equiparación, así como a inclusión dos cargos indicados no ámbito subxectivo de aplicación do sistema de protección por desemprego, considérase adecuado neste caso utilizar a vía da lei. Con ela, pódense remover os obstáculos legais que impiden que a estes cargos se lles poida recoñecer a protección por desemprego cando cesan no seu exercicio.

Para iso, o que se fai, nun caso, no que afecta os cargos públicos con dedicación exclusiva, é simplemente modificar os artigos do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social que determinan, dunha parte, as persoas que están protexidas da continxencia de desemprego e, doutra, as situacións que se consideran constitutivas da situación legal de desemprego e que son, por tanto, susceptibles de protección; con estas modificacións o que se pretende é que se inclúan estes cargos entre as persoas protexidas da continxencia de desemprego e a perda involuntaria do cargo como unha das situacións legais de desemprego.

En cambio, no caso dos cargos de sindicatos constituídos ao abeiro da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, ademais de modificar no sentido antes indicado os artigos que delimitan o ámbito de aplicación do sistema de protección por desemprego, tamén se modifica o artigo que regula o ámbito de aplicación

subxectivo do réxime xeral da Seguridade Social, xa que é un presuposto necesario neste caso para o recoñecemento da protección por desemprego. Deste xeito, quedan protexidos polo citado réxime tanto quen desempeñe o cargo con dedicación completa –ou «exclusiva» nos termos desta lei– como con dedicación parcial.

Ademais, no caso dos membros das corporacións locais, incorpórase á definición do ámbito de aplicación da Lei xeral da Seguridade Social o que xa estaba previsto na Lei de bases de réxime local, isto é, inclúese expresamente no réxime xeral quen desempeñe eses cargos tanto con dedicación exclusiva como parcial. Para evitar calquera dúbida, menciónanse expresamente, tanto respecto da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social como no ámbito da protección por desemprego, xunto cos membros das corporacións locais, os membros das xuntas xerais dos territorios históricos forais, cabidos insulares canarios e consellos insulares baleares que desempeñen os seus cargos con dedicación exclusiva ou parcial.

Canto á extensión da protección por desemprego, dadas as peculiaridades dos suxeitos afectados e das institucións ou organizacións en que desempeñan o seu labor, protéxese tanto a perda absoluta, involuntaria e definitiva do cargo como, de ser o caso, os supostos en que, aínda mantendo o cargo, se perda con carácter involuntario e definitivo a súa dedicación exclusiva ou parcial.

Con estas modificacións legais conseguiríase o obxectivo perseguido con esta lei que non é outro que estender a protección da continxencia por desemprego a determinados cargos públicos e sindicais.

Artigo primeiro. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.*

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 97 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

1.º Dáselle unha nova redacción á letra j) do punto 2 do sinalado artigo coa seguinte redacción:

«j) Os membros das corporacións locais e os membros das xuntas xerais dos territorios históricos forais, cabidos insulares canarios e consellos insulares baleares que desempeñen os seus cargos con dedicación exclusiva ou parcial, a salvo do previsto nos artigos 74 e 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.»

2.º Engádese un novo parágrafo no citado punto 2 que aparecerá recollido na letra l), cuxo teor literal é o seguinte:

«l) Os cargos representativos dos sindicatos constituídos ao abeiro da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, que exerzan funcións sindicais de dirección con dedicación exclusiva ou parcial e perciban unha retribución.»

3.º O suposto que aparecía recollido na letra l) pasará a figurar co mesmo teor literal na letra m) que se engade.

Dous. Engádese un novo punto 4 ao artigo 205 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, cuxo teor será o seguinte:

«4. Tamén estarán comprendidos na protección por desemprego, nas condicións previstas neste título para os traballadores por conta allea, os membros das corporacións locais e os membros das xuntas xerais dos territorios históricos forais, cabidos insulares canarios e consellos insulares baleares e os cargos representativos dos sindicatos cons-

tituídos ao abeiro da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, que exerzan funcións sindicais de dirección, sempre que todos eles desempeñen estes cargos con dedicación exclusiva ou parcial e perciban unha retribución.

Así mesmo, estarán comprendidos na protección por desemprego, nas condicións previstas neste título para os traballadores por conta allea, os altos cargos das administracións públicas con dedicación exclusiva, que perciban retribucións e que non sexan funcionarios públicos. Non se lles aplicará o disposto neste parágrafo aos altos cargos das administracións públicas que teñan dereito a percibir retribucións, indemnizacións ou calquera outro tipo de prestación compensatoria como consecuencia do seu cesamento.»

Tres. Engádese un novo parágrafo 6 ao punto 1 do artigo 208 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social cuxo teor literal será o seguinte:

«6. Nos supostos previstos no punto 4 do artigo 205, cando se produza o cesamento involuntario e con carácter definitivo nos correspondentes cargos ou cando, aínda mantendo o cargo, se perda con carácter involuntario e definitivo a dedicación exclusiva ou parcial.»

Catro. Engádeselle un novo parágrafo segundo á disposición adicional cuadraxésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social cuxo teor literal será o seguinte:

«A situación legal de desemprego prevista no artigo 208.1.6 desta lei acreditarase por certificación do órgano competente da corporación local, xunta xeral do territorio histórico foral, cabido insular, consello insular ou Administración pública ou sindicato, xunto cunha declaración do titular do cargo cesado de que non se encontra en situación de excedencia forzosa, nin en ningunha outra que lle permita o reingreso a un posto de traballo.»

Artigo segundo. *Normas en materia de cotización pola continxencia de desemprego.*

Un. Estarán obrigados a cotizar pola continxencia de desemprego as persoas incluídas no artigo 205.4 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, así como as corporacións locais e as xuntas xerais dos territorios históricos forais, cabidos insulares canarios e consellos insulares baleares, as administracións públicas e os sindicatos en que as ditas persoas exerzan os seus cargos, a quen lle serán de aplicación as obrigas e os dereitos establecidos para os traballadores e os empresarios respectivamente.

Dous. O tipo de cotización por desemprego será o establecido en cada momento con carácter xeral para a contratación de duración determinada a tempo completo ou parcial.

Disposición adicional única. *Regulación das cotizacións sociais dos membros das corporacións locais con dedicación exclusiva que exerceron con anterioridade á inclusión dos concelleiros no sistema da Seguridade Social.*

O Goberno, no prazo máximo de seis meses a partir da aprobación desta lei, aprobará as disposicións normativas que sexan necesarias para os efectos de computar, para os membros das corporacións locais con dedicación exclusiva que exerceron o seu cargo político con anterioridade á aprobación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o tempo que estiveron a exercer o seu cargo e no cal non lles foi permitido cotizar pola súa falta de inclusión no sistema da Seguridade Social, co

obxecto de que se lles recoñeza o dereito á percepción da pensión de xubilación denegada ou a unha contía superior á que teñen recoñecida.

Nas disposicións citadas estableceranse os mecanismos que aseguren o mantemento do equilibrio económico-financieiro da Seguridade Social, de xeito que a mellora da pensión ou o seu recoñecemento, como consecuencia da consideración, como cotizados á Seguridade Social, dos períodos previos á entrada en vigor da Lei 7/1985, quede condicionada ao ingreso na Tesouraría Xeral da Seguridade Social do correspondente capital-custo de pensión.

Disposición transitoria única. *Validez das cotizacións efectuadas.*

1. O disposto nesta lei aplicaráselles ás situacións legais de desemprego que se produzan unha vez que entrase en vigor.

2. Non obstante o anterior, as cotizacións por desemprego que se puidesen efectuar con anterioridade á entrada en vigor desta lei producirán efectos e computaranse para o recoñecemento, a duración e a contía das prestacións por desemprego que se lles recoñezan ás persoas a que se refire esta lei.

3. Serán válidas todas as cotizacións efectuadas ao réxime xeral polos cargos representativos dos sindicatos constituídos ao abeiro da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, que exerzan funcións sindicais de dirección con dedicación exclusiva ou parcial e perciban unha retribución, así como polos sindicatos respecto ás ditas persoas. Tamén serán válidas as prestacións que puidesen ter percibido ou estean actualmente a percibir.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria, esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

21408 *LEI 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa.* («BOE» 293, do 8-12-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As situacións de endebedamento insustentable supoñen un lastre ás posibilidades de desenvolvemento de numerosos países. Logo de máis de dúas décadas de convivencia con esta realidade, parece

claro que non se chegou a solucións efectivas, a pesar de que se propuxeron distintas iniciativas para afrontar este problema, o que aumentou a magnitude da situación, facendo inviable en moitos países, especialmente aqueles máis pobres, calquera estratexia eficaz de desenvolvemento.

Por esta razón, a demanda dunha saída efectiva ao endebedamento dos ditos países constituíu o centro dunha das máis amplas mobilizacións da sociedade civil dos últimos anos, congregando un amplo espectro de organizacións tanto do norte coma do sur.

A pesar de que a comunidade internacional seguiu preocupada pola débeda externa dos países en vías de desenvolvemento e polo establecemento nos países acredores de mecanismos para a súa xestión que favorezan o desenvolvemento –diso é exemplo o denominado Consenso de Monterrey– e de que a sociedade civil continuou a reivindicar a adopción de medidas que liberen os países afectados desta gran carga, o certo é que son moitos os que aínda seguen a destinar un maior volume de recursos ao servizo da débeda que á educación e á sanidade.

En resposta a esa demanda, o G-8, en Colonia en xuño de 1999, acordou pór en marcha unha política máis ambiciosa para o alivio da débeda dos países pobres altamente endebedados (HIPC nas súas siglas inglesas) adoptada en 1996, que é o que hoxe se denomina HIPC II. A iniciativa HIPC, na súa versión inicial e reforzada supuxo un importante alivio para os países en desenvolvemento beneficiarios dela. Non obstante, a experiencia acumulada desde a súa posta en marcha demostra que incluso estes esforzos poden non ser suficientes para darlle unha solución definitiva ao problema da débeda externa destes países.

Por iso, non é casual que na Declaración do Milenio, froito do Cumio do Milenio celebrado no ano 2000, os dirixentes mundiais se comprometesen a unir as súas forzas para lograr que, en 2015, se cumprisen 8 obxectivos e 18 metas concretas, entre as cales figuran, como obxectivo 8, «Fomentar unha asociación para o desenvolvemento» e, por outra parte, como meta 15, «Encarar de maneira xeral os problemas da débeda dos países en desenvolvemento con medidas nacionais e internacionais co fin de facer a débeda sustentable a longo prazo». Este compromiso da comunidade internacional obriga tamén a España a actuar dunha forma máis activa na xestión da débeda externa.

Por outra banda, e aínda cando se logre ofrecer solucións ao endebedamento acumulado, é preciso evitar a propensión a un endebedamento insustentable para evitar que, desde unha perspectiva financeira, se dean situacións de risco moral, selección adversa e falta de disciplina macroeconómica.

No caso de España, os tratamentos da débeda externa son relativamente recentes, incorporándose ao Club de París como membro permanente a principios dos 80. A evolución posterior supuxo un aumento tanto no montante total da débeda, coma na porcentaxe condonada, ben que deixou translucir tamén certas debilidades.

Consciente da necesidade de solucionarlas e da importancia do problema, España ten a posibilidade, por se tratar dunha cuestión de implantación recente, de facer uso do amplo abano de opcións dispoñibles e da súa enorme potencialidade para integrar instrumentos e enfoques sobre o tratamento da débeda externa.

En suma, resulta obrigado que España adopte unha política de xestión de débeda externa cada vez máis sólida e responsable, solidaria cos países en desenvolvemento e integrada no marco multilateral internacional.

Medidas que, en todo caso, deberán estar inspiradas nos principios de coordinación multilateral e condicionalidade –como forma de garantir a efectividade das medi-